

# **ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO DE SEXTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**XOVES 2 / 04 / 2.020.**

- **Matemáticas:**
  - Hacer la página 31 del cuadernillo del primer trimestre de 6º.
- **Lingua Galega:**
  - Ler a “Expresión oral e escrita” dos temas 7 e 8.
- **Ciencias Naturais:**
  - Estudar o punto 3, do tema 3.
  - Facer os exercicios 1 e 2 na libreta.
- **Plástica:**
  - Participar, se é posible, no **reto 1** do Raquel Camacho, os que aínda non o fixeron (ampliamos o tempo de entrega a toda esta semana). Grazas por “dar as grazas”.

## **RETOS DO RAQUEL CAMACHO FRONTE AO CORONAVIRUS.**

**ata o día 5 abril.**

Queremos propoñer aos nosos alumn@s e ás súas familias a colaboración nun reto semanal que consistirá esta primeira semana en plasmar o noso agradecemento a tod@s esas persoas que, mentres nós resistimos dende as nosas casas, elas o fan estando na rúa e nos seus traballos, facilitándonos así a nosa vida diaria.

Necesitamos 2 folios que usaremos en formato horizontal.

No primeiro escribiremos con letras chulas (aos nenos máis pequenos axudaranlles as familias ou os irmáns maiores):

**GRAZAS !**

No segundo folio debuxaremos a persoas ou símbolos dunha das profesións que están a traballar duro nestes días, por exemplo: médic@s, enfermeir@s, persoal dos xeriátricos, barrendeir@s, limpadores, caixeir@s, tendeir@s, transportistas, policías, bombeir@s,..., e todas aquelas ás que se vos ocorra que hai que dar máis que nunca as grazas.

**MÉDICO**

**(DEBUXO)**

Logo, sacades unha **foto** aos vosos debuxos (**se queredes e tedes dereito de imaxe podedes saír vós tamén na foto**) e os mandades coa axuda dos maiores ao seguinte correo electrónico:

**retosraquelcamacho@gmail.com**

Faremos unha presentación con todos eles a semana próxima e colgarémolos nas redes e na páxina web do cole.

Xa só queda o máis importante:

**¡POÑELOS NAS VENTÁS!**

Porque como sempre dixeron e dín os nosos avós: “É de ben nados ser agradecidos”.

**¡MOITAS GRAZAS POR PARTICIPAR!**